

1. CONVENIO DE COLABORACIÓN CON NUEVA MUTUA SANITARIA DEL SERVICIO MÉDICO

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 08.03.2022, tomou o acordo de asinar un convenio de colaboración con Nueva Mutua Sanitaria del Servicio Médico que ofrecerá ao noso colectivo un seguro de saúde que conta con máis de 35.000 especialistas e máis de mil centros sanitarios en toda España.

- Coberturas: atención primaria, asistencia domiciliaria, atención médica 24 horas, especialidades médicas, cirurxías e probas diagnósticas, dental básico etc.
- Amplo cadro médico sen copagamentos
- Servizo de telemedicina
- Primas: en cadro adxunto; prezo especial para a avogacía nova, menores de 35 anos (32 €/mes)
- Máis información: no tfno. 912909090 e na web www.nuevamuas sanitaria.es/saludabogacia-familia

Achégase PDF co cadro de tarifas por idades.

2. OUTROS CONVENIOS DE INTERESE

Na páxina web do Colexio, dentro da sección Oficina virtual, pódense consultar todos os convenios asinados e coñecer as vantaxes económicas e as promocións das que se poden beneficiar todos os colexiados e colexiadas. Entre estes convenios, atópanse os seguintes:

Saúde:

- Adeslas – Plus Salud (Mutualidad de la Abogacía) Nueva Mutua Sanitaria
- Caser
- Óptica Casa de los Lentes
- Clínica Dental Dublín

Sector enerxético:

- Iberdrola (electricidade)
- Los Ángeles Gas (combustible)

Banca:

- Caixabank
- Abanca

Ligazón a convenios na web:

<https://www.icasantiago.org/portal-de-transparencia/convenios/>



3. PROGRAMA DE XESTIÓN PARA DESPACHOS ICA SANTIAGO - QUOLAW

Dende o Colexio estanse mantendo negociacións coa editorial vLex para a contratación do programa de xestión de despachos Quolaw coa finalidade de poder ofrecerlles esta ferramenta de forma gratuíta a todas as colexiadas e colexiados.

O programa Quolaw é un dos máis completos do mercado para a xestión de despachos dado o seu nivel de seguridade e a capacidade ilimitada de almacenamento, pero destaca sobre todo polas súas innovadoras ferramentas de xestión de expedientes, axenda, calculadora e alerta de prazos, facturación e contabilidade, conexión integrada con Lexnet.

O prezo xeral deste programa é duns 900 euros anuais por licenza (contratando a título individual), non obstante, no proceso de negociacións emprendido agardamos conseguir un prezo asumible para o Colexio **co fin de poder ofrecelo de forma totalmente gratuíta a todos nosos os colexiados e colexiadas exercentes.**